

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 29 DE
XULLO DE 2008**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dezanove horas e trinta minutos do día vinte e nove de xullo de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1º Proposta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes para a participación no Plan de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, que convoca a Deputación Provincial da Coruña e aprobación de proxecto

Vistas as bases reguladoras do Plan de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, que convoca a Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP n.º 128, de data 5 de xuño de 2008.

Vista a circular procedente da Deputación Provincial da Coruña, rexistrada de entrada ao núm. 8675 o día 9 de xullo de 2008, na que se comunica que o prazo para presentar as solicitudes de participación ao abeiro dese plan provincial finaliza o día 31 de xullo de 2008.

Visto o proxecto elaborado polo enxeñeiro técnico municipal, de data 10 de xullo de 2008.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes de data 23 de xullo de 2008.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de data 29 de xullo actual.

Sometido a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Participar no Plan de iluminación e outros complementos dos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que se solicita realizar o investimento que a continuación se indica:

Denominación: Proxecto de iluminación e outros complementos no campo municipal de Lendoiro-A Barcala

Orzamento:	72.835,76 euros
Achega municipal:	12.835,76 euros
Achega provincial:	60.000,00 euros

Segundo: Aprobar o correspondente proxecto técnico da obra previsto no apartado 1º.

Terceiro: Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito suficiente para o seu financiamento.

Cuarto: Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarias para a execución da obra.

Quinto: Declarar que o concello non solicitou nin recibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

Sexto: Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Sétimo: Facultar ao alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as dezanove horas e trinta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia